



GRUPO MUNICIPAL DE TEO

MOCIÓN SOBRE A RECOLLIDA DO LIXO

Na sociedade actual a recollida e procesado lo lixo urbano é unha das grandes problemáticas medioambientais. Nos últimos anos asistimos a un aumento do volume de refugallos domésticos. Hai varias circunstancias que inciden no agravamento desta problemática:

- Introducción de envases non retornables e de materiais de difícil eliminación (non orgánicos) como son vidro, plásticos e tetrabriks.
- Unha permisividade social cara a mala xestión individual dos residuos, xa que é un problema novo ou recente para a poboación rural.
- A conciencia na administración en xeral, e na municipal en particular, de non abordar esta problemática.

Non existe un acordo xeralizado sobre os métodos de eliminación física dos produtos de desfeito urbano desta sociedade tan consumista. O único no que todos e todas podemos estar de acordo é que canto menos lixo se produza e se facilite a reciclaxe, mellor para nos e para os futuros e futuras habitantes de Teo, que son os e as que van herdar os nosos erros e os nosos acertos.

No concello de Teo, ademais de participar da problemática global, ten especial incidencia por varias cuestións:

- Ten un tipo de poboamento de casas adosadas ou individuais de nova construción e con espazos verdes propios e comúns. O nivel de residuos orgánicos destas zonas é alto, sen que exista un costume ou coñementos para compoñer un método de eliminación.
- O outro tipo de poboamento rural ten como impotante característica para este asunto que é unha poboación que abandoou a produción agrícola, e polo tanto os xeitos tradicionais de eliminación de residuos domésticos. En moitos destes casos ademais continúaase con pequenas explotacións (galiñas, coellos) que poden supoñer unha fonte extra de residuos. Esta poboación acolleu a recollida do lixo sen unha información previa que situe a súa utilización no xusto termo.
- A recollida dos residuos sólidos urbanos en Teo está suxeita a unha serie de peculiaridades que provocan unha insatisfacción permanente por parte dos veciños e veciñas. Este estado de opinión réstalle credibilidade ao concello para ordenar e concienciar aos veciños e veciñas.

Por todo isto e tendo en conta que os problemas medioambientais afectannos a todos e todas, queirámolo ou non, e que dentro do procedemento de xeración de residuos é onde o Concello ten a posibilidade de desenvolver un papel máis activo, o GRUPO MUNICIPAL DO BNG PRPÓN AO PLENO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

A elaboración de un proxecto de optimización e mellora na xestión dos residuos sólidos urbanos en Teo. Este proxecto, ademais de conseguir obxectivos medioambientais, debe establecer as medidas necesarias para que a cidadanía lle conceda ao concello o suficiente creto na xestión do lixo, para que lle permita abordar dende unha óptica educativa e sensibilizadora esta cuestión.

Ademais destes obxectivos hai que sinalar dous máis con evidente repercusión económica. Por unha parte a redución de lixo orgánico, que nun medio social e físico como o de Teo podería chegar a ser mínimo. Isto supoñería unha importante redución dos custos. Por outra banda a Consellería de Medio Ambiente participa nunha campaña que bonifica a recollida selectiva e o acerto ao separar os distintos obxectos de recollida.

Este proxecto concretaríase en varias accións:

- **Revisión das cláusulas da empresa concesionaria da recollida do lixo. A revisión tendería a potenciar o interese da empresa na reciclaxe e a penalizar os incumprimentos que debiliten a imaxe do concello de Teo, como entidade comprometida coa xestión integral de residuos, diante dos cidadáns.**
- **Elaboración dun documento no que se recollese exactamente a localización de cada un dos contenedores de lixo, as súas cualidades, a periodicidade da súa recoillida, periodicidade da súa limpeza e a situación de recollida de residuos especiais como mobles, residuos de obras domésticas ou aceite usado.**
- **Elaboración de dípticos que resumindo esta información poideran ser distribuídos de xeito masivo, e garantir que chegara un a cada fogar, contendo información sobre as características do servizo de recollida de lixo, que elementos non se contemplan como elementos para retirar e cales si.**
- **Elaboración de autocolantes para situar en cada tipo de contenedor indicando a periodicidade de recollida, así como un teléfono municipal de información para calquera problema ou dúbida, especialmente as referidas a recollidas especiais.**
- **Establecer un acordo coa Consellería de Medio Ambiente para participar na campaña de instalacións de composteiros domésticos, á vez que se difunde a**

información sobre a utilización de compostaxe, en especial nas zonas rurais e nas urbanizacións con parcela.

- **Establecemento de un plan especial para o compostaxe municipal dos refugallos de xardíns comúns e privados de pequeno tamaño. O concello facilitaría un lugar de depósito para este tipo de residuos e promovería a compostaxe dos mesmos.**
- **Campaña informativa a nivel xeral, con actividades específicas derixidas a todos os centros educativos do concello, asociacións, e calquera outro tecido social apto para a difusión. Esta campaña informativa e formativa recollerá todos aqueles puntos de interese do proxecto de optimización de residuos, en especial os compromisos adquiridos polo concello para facela efectiva.**

En Teo, a 5 de maio de 2005

Asdo.: Ignacio Iglesias Villar
Concelleiro

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TEO